



CIDADE DAS TIC

Concurso de ideas de arquitectura para arquitectos/as e estudantes de Arquitectura para o novo edificio da UDC, "CITIC. Cidade das TIC".

Bases

A participación no concurso é gratuíta.

Entrega de propostas: 10 de novembro 2021.

Unha vez comunicados os premios, o primeiro premio terá que presentar a proposta en formato BIM, unha maqueta grande (escala 1/20) e outra pequena (escala 1/100), nun prazo de 25 días. O segundo e terceiro premio terán que entregar a maqueta grande (escala 1/20) da súa proposta no mesmo prazo.

Primeiro premio: 20.000 €

Segundo premio: 10.000 €

Terceiro premio: 7.000 €

O xurado poderá destacar os traballos que considere con mencións honoríficas.

Considéranse premios ás ideas sen contraprestación profesional, polo que estará exentos de IVE. O importe do premio estará suxeito ás retencións fiscais que legalmente corresponderen.

O concurso concluirá coa entrega do material solicitado aos premiados e a entrega de premios. Publicaranse os mellores traballos presentados na páxina web da UDC e do CITIC.


<https://www.udc.gal/gl/saue/>

<https://citic.udc.es/>

Para calquera dúbida ou consulta con respecto ao concurso: vis@udc.gal



- | | | |
|--|--|--|
| 1 Centro de Servicios Avanzados y Demostrador TIC | 5 Aceleradora e Incubadora de Alta Tecnología. Área de coworking | 9 Aparcamiento |
| 2 Centro de I+D+I. Nodo de inteligencia artificial | 6 Parque Empresarial TIC | 10 Zona de ampliación del Parque Empresarial TIC |
| 3 Servicios centrales | 7 Centro Demostrador Industria 4.0 | 11 Zona deportiva |
| 4 Servicios sociales: restaurante, cafetería, zona deportiva, guardería... | 8 Centro de formación universitaria especializada | |



LOCALIZACIÓN

O novo edificio sitúase na Cidade das TIC, situada nos terreos da antiga Fábrica de Armas, avenida de Pedralonga 32, A Coruña. O lugar está ocupado na actualidade polas edificacións construídas para a instalación da “Fábrica de Armas”, cuxo proxecto foi redactado en 1947. As obras comezaron en 1949 e a inauguración oficial foi o 6 de setembro de 1958.

O recinto completo conta cunha superficie de 128.207 m². É parte da parcela con referencia catastral 9380513NH4998S0001QS. Esta parcela suma o terreo cedido polo Ministerio de Defensa á Universidade da Coruña, en 2020, e unha parte pertencente ao Ministerio de Defensa.

Atópase nunha localización con excelentes conexións co resto da cidade, o campus universitario, a autoestrada AP9 e o aeroporto. O recinto cedido polo Ministerio de Defensa á Universidade da Coruña ten como obxectivo impulsar unha estratexia urbana para crear un polo TIC de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional na Coruña de forma sostible e escalable nun complexo industrial histórico.

O edificio ocupará a área grafada en morado na primeira imaxe que conta co número 2. Esta indicación non presupón que o edificio se adapte ao perímetro da área morada, non existe aliñación ningunha, poderase estender fóra dela, non ocupala totalmente... a libre decisión do/a concursante.

A Cidade das TIC conta co apoio explícito de todas as administracións para contribuír á especialización de Galicia en tecnoloxías emerxentes.

CIDADE das TIC



Para lograr os seus obxectivos na Cidade das TIC desenvolveranse tecidos empresariais conectados e competitivos, impulsaranse as TIC e a dixitalización de Galicia e crearase un centro de referencia en intelixencia artificial de referencia a nivel nacional e internacional.

O complexo contará con infraestruturas e servizos TIC avanzados para a innovación industrial, un parque industrial TIC para o aloxamento de pequenas e grandes empresas tecnolóxicas, un campus tecnolóxico vinculado á Universidade de Coruña cun centro I+D en novas tecnoloxías en IA, unha incubadora empresarial de alta tecnoloxía, principalmente centrada en intelixencia artificial, un centro demostrativo e de servizos avanzados que proporcione novos servizos tecnolóxicos ás empresas, espazos de formación e difusión TIC para fomentar a colaboración empresa TIC-universidade, a sede dun nodo da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial e servizos de apoio á cidade sociais e centrais complementarios.



NORMATIVA

Toda a superficie da Fábrica de Armas atópase dentro da Norma Zonal 7. Instalacións Especiais do PXOM da Coruña. O proxecto haberá de cumprir a normativa urbanística e ambiental aplicable.



As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación das condicións xurídicas que rexerán este concurso de ideas, con intervención de xurado, co fin de seleccionar a mellor proposta que, pola súa adecuación, calidade arquitectónica e viabilidade técnica, económica e construtiva, sexa valorada polos membros do xurado como a mellor e máis idónea para o futuro edificio CITIC da UDC.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

O EDIFICIO

Dentro do ámbito descrito, o edificio situarase na zona grafada co 2, que se corresponde ao centro de I+D+I. Nodo de Intelixencia Artificial. Este emprazamento estratéxico, nunha posición alta, moi visible desde o exterior, servirá para intensificar a súa condición de edificio de referencia dentro do complexo.

Debe ser un elemento arquitectónico relevante que asuma a representación da Universidade e destaque no conxunto. A súa soa presenza ten que o converter nun fito. Deseñarase para unha superficie inicial segundo o programa anexo, uns 6.500 m² construídos, pero incorporará a posibilidade de crecemento ao dobre da súa superficie sen perder a súa esencia e mantendo a súa condición de fito.

Deberá deseñarse como unha construción que poida resistir as incidencias do tempo e o fácil mantemento. En todo momento deberase priorizar a condición sustentable do edificio e a súa contorna.



PROGRAMA ARQUITECTÓNICO

ESTANCIA	TRABALLADORES	CANTIDADE	SUPERFICIE	TOTAL
Despacho de director/a	1 persoa	1	30	30
Despacho de subdirector/a	1 persoa	1	20	20
Despacho de secretaria de dirección	1 persoa	1	12	12
Zona de administración	14 persoas	1	140	140
Sala de reunións (dirección)	20 persoas	1	50	50
				0
Laboratorios de traballo (50 persoas)	250 persoas	5	500	2500
Despachos individuais	25 persoas	25	12	300
Salas de traballo (4 profesores)	16 persoas	4	40	160
Salas de xuntas grandes	8 persoas	4	30	120
Salas de xuntas pequenas	4 persoas	4	20	80
				0
Sala de xuntas	150 persoas	1	200	200
				0
Show room		1	100	100
Exposición de produtos		4	50	200
				0
Espazo de descanso		1	200	200
				0
Vestíbulo	1 persoa	1	300	300
				0
Aseos, distribuidores...		1	500	500
Almacén		1	100	100
Instalacións		1	400	400
Sala CPD		1	100	100
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL				5512

PARTICIPANTES

O concurso está dirixido a todos os arquitectos/as titulados/as e estudantes de Arquitectura. No caso de se constituíren equipos profesionais ou de estudantes, deberase designar un integrante como único representante e interlocutor válido ante os organizadores do concurso en caso de se obter algún premio.

O devandito representante será quen reciba o premio correspondente e non será responsabilidade dos organizadores a súa repartición entre os compoñentes do equipo.

PREMIOS

1.º PREMIO 20.000 €

- + Difusión nos sitios web da UDC e do CITIC
- + Exposición das mellores propostas

2.º PREMIO 10.000 €

- + Difusión nos sitios web da UDC e do CITIC
- + Exposición das mellores propostas

3.º PREMIO 7.000 €

- + Difusión nos sitios web da UDC e do CITIC
- + Exposición das mellores propostas

MENCIONES HONORÍFICAS

- + Difusión nos sitios web da UDC e do CITIC
- + Exposición das mellores propostas



CRONOGRAMA

- 29 de setembro 2021 | Lanzamento da convocatoria
- 7 de outubro 2021 | Visita á Fábrica de Armas (12:00 h. Entrada Avenida Predralonga 32)
- 1 de novembro 2021 | Finalización do período de consultas
- 10 de novembro 2021 | Data límite de envío de propostas
- 15 de novembro 2021 | Resolución do xurado
- 10 de decembro 2021 | Entrega de maquetas e BIM
- 15 de decembro 2021 | Entrega de premios

DATA E LUGAR DE ENTREGA

Entregarase un paquete en que se incluíran o SOBRE 1 e o SOBRE 2. Estará pechado en envoltorio opaco, e constará no seu exterior unicamente “Concurso de ideas CITIC. Cidade das TIC” e mais o lema. O lema constará de 4 letras e 4 números, dispostos en calquera orde.

As propostas entregaranse necesariamente antes do mércores 10 de novembro de 2021, ás 14:00 h no Rexistro Xeral da Universidade de Coruña, Mestranza, 9, 15001 A Coruña.

Ora ben, os/as concursantes poderán tamén enviar as proposicións por correo dirixidas ao rexistro facendo constar no exterior unicamente “Concurso de ideas CITIC. Cidade das TIC”, o lema e o enderezo postal do Rexistro. Neste caso, deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico ao enderezo vis@udc.gal no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida con posterioridade á data en que remate o prazo sinalado.

No suposto de presentación de propostas por correo, o anonimato deberá quedar garantido de modo que non aparezan datos da persoa ou empresa que realiza o envío. En caso contrario será rexeitada a proposición.

Transcorridos, con todo, os dez días naturais seguintes á data indicada sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación de proposicións presume por parte do/a concursante a aceptación incondicional das cláusulas deste prego de bases.

Non poderá figurar nin no exterior dos sobres nin no seu interior en ningún documento escrito ou gráfico, referencia que permita identificar, directa ou indirectamente, os membros do equipo redactor (coa excepción dos documentos identificativos contidos no SOBRE 2, distintos do LEMA baixo o que se presenta a proposta.

Quedarán excluídas do concurso aquelas propostas que vulneren, por calquera medio, o requisito do anonimato.

SOBRE 1: PANEIS/IMAXES

A entrega consistirá en **2 paneis A-1** en soporte ríxido e a súas correspondentes **2 imaxes dixitais**: (A e B) en formato vertical, que se identificarán unicamente co lema. O lema constará de 4 letras e 4 números, dispostos en calquera orde.

A técnica de presentación será absolutamente libre, aínda que a información mínima solicitada é:

PANEL A/IMAXE A

Esbozo, esquemas ou gráficos explicando o concepto do proxecto e o seu funcionamento.

Plantas da totalidade do proxecto e a súa contorna.

Alzados e corte do elemento.

PANEL B/IMAXE B

Vistas exteriores e interiores do proxecto.

Desenvolvemento explicativo do sistema construtivo.

Proposta sustentable do proxecto.

As imaxes dixitais deberán cumprir as seguintes características:

Formato da imaxe dixital: JPG.

Nome: o nome do ficheiro deberá coincidir co lema, por exemplo:

1234ABCD.A.jpg / 1234ABCD.B.jpg

Tamaño: 10 Mb como máximo por imaxe.

Dimensións de panel, A-1 posición vertical. (594mm x 840mm)

Os/as participantes deberán entregar os paneis ríxidos envoltos nun paquete pechado embalado con papel opaco, que conterá, ademais, o lapis USB coas imaxes. No exterior do paquete figurará unicamente “SOBRE 1” e o lema. Os paneis e o lapis de memoria non poderán conter información ningunha que desvele a autoría do traballo.

SOBRE 2: IDENTIFICACIÓN

Dentro do **SOBRE 2** irán os datos identificadores do/a concursante ou equipo, neste caso coa determinación do/a seu representante, segundo o formulario do anexo. A mera presentación ao concurso presupón o consentimento para a difusión dos traballos de todos os casos.

Esta documentación irá nun sobre pechado opaco co lema, que consta de 4 letras e 4 números, dispostos en calquera orde, xunto ao texto “SOBRE 2” no seu exterior.

XURADO

O xurado estará composto por:

Presidente, Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da UDC

Vogais Manuel Francisco González Penedo, director do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)

Amparo Casares Gallego, vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade da UDC e arquitecta

Antonio Raya de Blas, adxunto de Infraestruturas da UDC e arquitecto

Plácido Lizancos Mora, director da ETSAC da UDC e arquitecto

Cristóbal Crespo González, director do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición, e arquitecto

Secretario Bernardo Lage Arias, arquitecto e xefe do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da UDC.

O criterio para a avaliación das propostas estará dado por:

- *Valor arquitectónico e calidade do deseño. 50 puntos*
- *Protección do medio ambiente e eficiencia enerxética. 20 puntos*
- *Innovación tecnolóxica. 20 puntos*
- *Inclusión de solucións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar. 10 puntos*

ENTREGA DE PREMIOS

Os concursantes ou equipos que ocupen os primeiros lugares do concurso serán comunicados vía correo electrónico ou telefonicamente, de modo que estean ao tanto coa maior rapidez e efectividade posible.

Cada concursante ou integrante dos equipos acredores a premios ou mencións honoríficas recibirán un certificado de gañadores.

Os participantes que non fosen gañadores e desexen un certificado de participación poderían solicitalo vía correo electrónico.

Realizarase unha exhibición dos mellores traballos presentados na páxina web da UDC; os participantes que non fosen gañadores e desexen darse a coñecer deberán solicitalo vía correo electrónico.

Se a UDC o considerase oportuno, subscribirase co gañador do concurso, logo da tramitación do procedemento negociado previsto no artigo 168 *d)* da LCSP e como único invitado, o contrato consistente na redacción do proxecto básico e de execución (incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións). Así mesmo, se a UDC decidise iniciar a execución da obra, o gañador poderá optar á adxudicación, polo procedemento negociado previsto no artigo 168 *d)* da LCSP e como único convidado, dun contrato consistente na dirección das obras. A metade do importe do premio en metálico percibido polo gañador do concurso terá a condición de aboamento a conta dos honorarios de redacción do devandito proxecto, sempre que lle sexa adxudicada a súa redacción polo citado procedemento.

En ningún caso o gañador deste concurso adquirirá dereito ningún sobre a contratación da redacción do proxecto básico e de execución e/ou a dirección das obras.

CONSULTAS

As consultas relacionadas co proxecto deberán formularse por escrito a través do correo: vis@udc.gal

O prazo para formular as consultas é o indicado no cronograma do concurso.

As respostas publicaranse na páxina web www.udc.gal/gl/saue/. As consultas e as súas respostas pasarán a forma parte das bases, como antecedentes complementarios para a revisión e cualificación dos proxectos que fará o xurado do concurso.

ORGANIZACIÓN

Para todos os efectos legais (civís ou penais) a UDC funciona unicamente como organizador do concurso e queda, por tanto, exonerada de calquera posible demanda en caso de que algún participante ou equipo de participantes non se atope de acordo coa decisión final do xurado.

O xurado, por maioría de votos, é o único autorizado e responsable da elección de gañadores deste concurso.

Cada participante só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ben sexa como colaborador, e só poderá presentar unha proposta. O incumprimento deste punto dará lugar á descualificación de todas as propostas que presente.

Non poderán participar no concurso, como titulares ou como membros de equipos, persoas comprendidas nos seguintes supostos:

- Os membros do xurado.
- Quen tiver cos anteriores parentesco dentro do cuarto grao de consanguinidade ou o segundo de afinidade.
- Quen se atopar ou asociado ou mantiver relacións de servizo ou colaboración profesional cos membros do xurado.



ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DO/A CONCURSANTE

Nome: _____ Apelidos: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

COLABORADORES (en caso de existiren, deben incluírse todos/as)

Nome: _____ Apelidos: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Nome: _____ Apelidos: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

MANIFESTA

A súa vontade de participar no “Concurso de ideas con intervención de xurado para o novo edificio CITIC. Cidade das TIC” da Universidade da Coruña.

No caso de resultar gañador/a dun premio, comprométome a entregar no prazo aquilo que se solicita nas bases do concurso.

_____, ____ de _____ de 2021

Asinado